

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Convenios colectivos

*ACORDO DE MODIFICACIÓN PARCIAL DO CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL
LABORAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA*

- Convenio o Acordo: AYUNTAMIENTO DE VILLAGARCIA DE AROSA (PERSONAL LABORAL)
- Expediente: 36/01/0084/2018
- Data: 25/05/2018
- Asunto: RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN E PUBLICACIÓN
- Código de Convenio número 36003102011999.

Visto o Pacto da comisión de negociación do persoal laboral do Concello de Vilagarcía de Arousa, sobre a modificación parcial do vixente convenio colectivo, subscrito en representación da parte económica, por unha representación do concello, e da parte social polo comité de empresa e por representantes das centrais sindicais CSIF, CC.OO., UGT e CIG, en data 02 de febreiro do 2018, e ratificado polo Pleno do Concello o 23 de marzo do 2018.

Primeiro.- Dito Acordo foi presentado na Xefatura Territorial de Vigo en data 16 de maio do 2018.

Segundo.- Que no mesmo non se aprecia ningunha infracción da legalidade vixente e as súas cláusulas non conteñen estipulacións en prexuízo de terceiros.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Que o artigo 90.2 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, do Estatuto dos Traballadores, outorga facultades a Autoridade laboral competente en orden ao rexistro, publicación, depósito e notificación dos Acordos Colectivos pactados no ámbito da súa competencia.

Segundo.- Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre Rexistro e Depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceiro.- Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo,

Esta xefatura territorial,



A C O R D A:

Primeiro.- Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro do 2010 (DOG nº 222, do 18.11.2010).

Segundo.- Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

O xefe territorial

Ignacio Rial Santomé

**PACTO DO COMITÉ DE EMPRESA DO PERSOAL LABORAL SOBRE MODIFICACIÓN
PARCIAL DO VIXENTE CONVENIO COLECTIVO**

En Vilagarcía de Arousa a 2 de febreiro de 2018

Constituída a Comisión de Negociación do persoal laboral do Concello de Vilagarcía de Arousa integrada pola representación do Concello e pola parte social polos/as membros do Comité de Empresa. Ambas partes tendo en conta as negociacións levadas ao efecto nas xuntanzas dos pasados días 19/12/2017, 18/1/2018 e 2/2/2018 no marco da Mesa de Negociación Conxunta para o persoal funcionario e laboral.

Reunidos en data 2/3/2018 dunha parte Dña. Sonia Outón Casal, Concelleira Delegada de Persoal do Concello de Vilagarcía de Arousa, e por outra os/as membros do Comité de Empresa que representan aos empregados/as laborais do referido Concello de Vilagarcía de Arousa.

Conforme ás atribucións a eles conferidos respectivamente pola “Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local”, e o Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público en conexión có artigo 86.1 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 5/1995 de 24 de marzo do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

Ambas partes se recoñecen mutuamente capacidade para subscribir o presente Pacto, sen prexuízo da necesaria ratificación dos órganos competentes para súa validez e efectos, en especial do Pleno do Concello conforme ao disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

ACORDO:

Os membros do Comité de Empresa que abaixo asinan manifestan seu acordo coa modificación parcial do Convenio Colectivo regulador prorrogado vixente respecto do artigo 41 que queda redactado do seguinte modo:



“Artigo 41 .- AXUDA DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FILLOS

Todo o persoal laboral fixo do Concello ou laboral cun tempo de traballo acumulado igual ou superior a dous anos, e que este en servizo activo, percibirá, previa acreditación documental, as seguintes axudas por estudos de fillos/as menores de 26 anos:

- Fillos/as en Educ. Infantil e/ou gardería (0-6 anos)	50€ ano/fillo
- Fillos/as en Educación Primaria	70€ ano/fillo
- Fillos/as en ESO ou equivalente	95€ ano/fillo
- Fillos/as en Bacharelato ou Ciclo formativo de grao medio	130€ ano/fillo
- Fillos/as en Ciclo formativo de grao superior	165€ ano/fillo
- Fillos/as en Grao/Máster Universitario	325€ ano/fillo

Os estudos anteriores entenderase comprendidos aqueles de educación especial ou equivalentes ou análogos previstos nun plan de estudos oficial.

Os importes anteriores ponderaranse segundo a renda bruta media da unidade familiar segundo a seguinte escala:

- Ata 18.000€ medios por membro da unidade familiar:	percepción do 100%
- De 18.001€ ata 22.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 80%
- De 22.001€ ata 25.000€ medios por membro da unidade:	percepción do 70%
- De 25.001€ en adiante, medios por membro da unidade:	percepción do 60%

Estas becas serán incompatibles coa percepción doutras similares que outorgue a Administración. No caso de que a axuda outorgada pola outra Administración sexa de contía inferior á prevista neste artigo, o traballador/a terá dereito á diferenza resultante.

Estas axudas para estudos serán de aplicación ao curso 2018-2019.”

A Concelleira Delegada de Persoal

UGT	PRESIDENTE	Manuel Vilán Jamardo
UGT	SECRETARIA	Alicia María López
UGT	VOCAL	Manuel Plaza Rodríguez
UGT	VOCAL	Fátima Núñez Fabeiro
CCOO	VOCAL	Juliana Barbosa Sánchez
CCOO	VOCAL	Susana Casal Martínez
CCOO	VOCAL	Angel Oubiña Álvarez
CIG	VOCAL	Juan Carou Rial
CSIF	VOCAL	Ramiro Agrelo Iglesias

